



BANDO COVID – 19

Informase a tódolos veciños que tras a publicación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o **Estado de Alarma**, a declaración de **Emerxencia Sanitaria** no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activado o Plan territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA).

Tendo en conta que o Real Decreto suspende os prazos administrativos e procesuais, conleva que os cidadáns non teñan a necesidade de acudir presencialmente as oficinas administrativas e sumando as instrucións remitidas pola FEGAMP.

As medidas interpostas no Bando con data 12/03/2020 e o comunicado con data 13/03/2020 súmanse as seguintes medidas:

- O peche o público das **Oficinas Xerais do Concello de O Valadouro**.
- A suspensión do **Servizo de Recollida de Trastos**.
- O aprazamento dos **Procesos Selectivos de Persoal**.
- Crear unha **Comisión Municipal** de seguimento da evolución do COVID-19.
- Quedan **Suspendidas as Sesións Periódicas ou Ordinarias dos Órganos Colexiados Municipais**.

Os empregados municipais traballarán de acordo as instrucións remitidas pola FEGAMP as oficinas do Concello traballaran **sen atención ao público**, as diferentes **consultas** poderán facerse **no teléfono 982574000 en horario de 09:00 ás 14:00 horas** e os tramites administrativos a través da sede electrónica, valadouro.sedelectronica.es.

O prazo de vixencia destas medidas coincidirá co período de vixencia do Estado de Alarma. Con todo será sometido á revisión necesaria de acordo coa evolución da situación.

Entendemos o esforzo de tódolos veciñ@s ante esta crise do COVID-19 pero é importante o cumprimento das normas por parte de todos na páxina web valadouro.org/novas/covid-19 podedes atopar máis información que é actualizada periodicamente.

En O Valadouro a 15 de marzo de 2020

O Alcalde-Presidente.

Asdo. Edmundo Maseda Maseda

